

Luns, 5 de outubro de 2020

Núm. 192

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Urbanismo e Patrimonio

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ÁREA PRIORITARIA CONFORMADA
POLOS EDIFICIOS SITOS NA PRAZA DA IGREXA Nº 6, 7, 8, E 9 A (EXPTE. 259/408)*

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ÁREA PRIORITARIA CONFORMADA POLOS EDIFICIOS SITOS NA PRAZA DA IGREXA Nº 6, 7, 8, E 9 (CASCO VELLO), MEDIANTE A INCLUSIÓN DOS EDIFICIOS SITOS NOS NÚMS. 10 E 11 DA PRAZA DA IGREXA (Expte. 259/408)

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de setembro de 2020, adoptou, o acordo que deseguido se transcribe na súa parte dispositiva:

“Primeiro.- Desestimar as alegacións interpostas durante o correspondente período de información pública e ata a data actual, isto é, a alegación identificada co DOC. núm. 200137612 presentada no Rexistro xeral desta XMU con data do 29.07.2020, e a identificada co Código WEB.: W458474-4232 inserida no Rexistro Web do Concello de Vigo con data do 29.07.2020, con base ao indicado e polos motivos sinalados na parte expositiva da presente.

Segundo.- Prestar aprobación, con carácter definitivo á Modificación da Área prioritaria conformada polos edificios sitos na praza da igrexa núm. 6, 7, 8 e 9 (Caso Vello), aprobada definitivamente polo Consello da XMU na sesión ordinaria do 10.03.2020 e publicada no BOP. Núm. 57 do 20.03.2020, mediante a inclusión dos edificios sitos nos núms. 10 e 11 da Praza da Igrexa, con base aos feitos e a fundamentación xurídica exposta.

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no “Boletín Oficial” da Provincia de Pontevedra, na páxina WEB do Concello de Vigo, e no portal de transparencia, con notificación individualizada aos interesados no presente procedemento, co ofrecemento dos recursos que resulten precedentes consonte a dereito [...]”

Enlace de consulta na páxina web do Concello de Vigo: <https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?id=1>

Contra o presente acordo poderase interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do



Luns, 5 de outubro de 2020

Núm. 192

Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

Vigo, 24 de setembro 2020

A Vicepresidenta da XMU, María José Caride Estévez (Resolución do 11.07.2019).

